

Acordo de 16 de decembro, de Consello de Goberno, polo que se aproba o procedemento para a avaliación orientativa do profesorado axudante doutor

PREÁMBULO	1
Artigo 1. Finalidade	2
Artigo 2. Persoas destinatarias	2
Artigo 3. Procedemento	2
Artigo 4. Documentación.....	2
Artigo 5. Prazos	3
Artigo 6. Resolución e notificación	3
Artigo 7. Incorporación ao expediente	3
Disposición final primeira. Habilitación	3
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	3
ANEXO I. Informe da dirección do departamento sobre o desempeño docente do profesorado axudante doutor.....	4
ANEXO II. Informe da Comisión de valoración dos méritos curriculares.....	7

PREÁMBULO

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, dedica o seu artigo 78 á figura do profesorado axudante doutor. O punto e) fixa a duración do seu contrato en seis anos e establece a obriga de que as universidades realicen unha avaliación orientativa do seu desempeño, unha vez transcorridos os tres primeiros anos do contrato, definida nos seguintes termos:

Transcorridos os tres primeiros anos do contrato, a universidade realizará unha avaliación orientativa do desempeño das profesoras e profesores axudantes doutores, que poderá encargarse ás axencias de calidade competentes. Esta avaliación terá como obxectivo valorar o progreso e a calidade da actividade docente e investigadora e, no seu caso, de transferencia e intercambio do coñecemento do profesorado, que deberán conducilo a acadar os méritos requiridos para obter a acreditación necesaria para concursar a unha praza de profesorado permanente unha vez finalizado o contrato.

En cumprimento do anterior, a Universidade da Coruña, acorda o seguinte procedemento para a avaliación orientativa do profesorado axudante doutor.

Artigo 1. Finalidade

A avaliación terá como obxecto valorar o desempeño do profesorado axudante doutor e proporcionar as orientacións precisas, no seu caso, para a obtención da acreditación para concursar a unha praza de profesorado permanente unha vez finalizado o seu contrato.

Artigo 2. Persoas destinatarias

O profesorado axudante doutor contratado a partir da entrada en vigor da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario que cumprise tres anos de contrato.

Artigo 3. Procedemento

1. O procedemento constará de dúas fases, a valoración do desempeño docente, investigador e de transferencia e intercambio do coñecemento, e a valoración dos méritos necesarios para obter a acreditación.

a) Valoración do desempeño docente, investigador e de transferencia e intercambio do coñecemento

Para a valoración do desempeño do profesorado axudante doutor, a dirección do departamento ao que estea adscrita cada persoa emitirá un informe orientativo que deberá realizarse no modelo recollido no anexo I, para o cal poderá solicitar a información pertinente da dirección do/s centro/s onde imparta docencia a persoa obxecto de avaliación.

b) Valoración dos méritos para obter a acreditación necesaria para concursar a unha praza de profesorado permanente

A valoración dos méritos curriculares terá como obxecto orientar as persoas sobre os aspectos que deberán reforzar de cara a obter a acreditación para a figura de profesorado permanente laboral ou titular de universidade. O resultado será trasladado a cada persoa no modelo que figura no anexo II.

A valoración dos méritos será realizada por unha comisión composta por cinco membros, un por cada rama de coñecemento, designados pola vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, unha vez consultada a representación das persoas traballadoras e previo informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). Esta comisión poderá solicitar o asesoramento de persoas expertas pertencentes á área de coñecemento da persoa avaliada.

2. Este procedemento non será de aplicación ás persoas que estean en posesión da acreditación necesaria para concursar a unha praza de profesorado permanente.

Artigo 4. Documentación

As persoas que estean en posesión da acreditación necesaria para concursar a unha praza de profesorado permanente deberán presentar copia desta.

As que non estean en posesión da citada acreditación deberán presentar o seu currículo académico, docente, investigador e de transferencia no modelo de

curriculum vitae normalizado (CVN) da Fundación Española para Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) xunto coa declaración responsable da veracidade dos méritos alegados.

Artigo 5. Prazos

Para a realización desta avaliación orientativa abranse dúas convocatorias anuais, nos meses de abril e decembro.

- a) Á convocatoria do mes de abril deberán concorrer as persoas que cumprisen tres anos de contrato como profesorado axudante doutor nos meses de decembro, xaneiro, febreiro ou marzo inmediatamente anteriores.
- b) Á convocatoria do mes de decembro deberán concorrer as persoas que cumprisen os tres anos de contrato entre os meses de abril e novembro dese ano.

Artigo 6. Resolución e notificación

A vicerreitoría con competencias en materia de profesorado trasladará por medios telemáticos o resultado da avaliación intermedia a cada persoa avaliada.

Artigo 7. Incorporación ao expediente

O resultado deste proceso de avaliación será incorporado ao expediente persoal de cada profesora ou profesor custodiado no Servizo de Persoal Docente e Investigador.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de profesorado para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

ANEXO I. Informe da dirección do departamento sobre o desempeño docente do profesorado axudante doutor

Apelidos e nome do/a profesor/a avaliado/a:

Departamento:

Director/a do departamento:

1. Participación en traballos fin de grao e traballos fin de mestrado

O/a profesor/a puido formar parte de tribunais de:

Traballos fin de grao (TFG) Si ☐ Non ☐ Non procede ☐	Traballos fin de mestrado (TFM) Si ☐ Non ☐ Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (indique que criterios de asignación se aplicaron):	

O/a profesor/a puido dirixir:

Traballos fin de grao (TFG) Si ☐ Non ☐ Non procede ☐	Traballos fin de mestrado (TFM) Si ☐ Non ☐ Non procede ☐
Se a resposta é afirmativa, indique se ofertou: SI ☐ NON ☐	
OBSERVACIÓNS (indique que criterios de asignación se aplicaron):	

2. Asistencia ás aulas e titorías

O/a profesor/a faltou inxustificadamente ás aulas ou ás titorías?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obligatorias en caso de resposta afirmativa):		

3. Guías docentes

O/a profesor/a cumpriu co establecido na guía docente das materias (contidos, metodoloxía, criterios de avaliación)?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obligatorias en caso de resposta negativa):		

O/a profesor/a cumpriu co prazo establecido pola UDC para elaborar a guía docente das materias?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obligatorias en caso de resposta negativa):		

4. Cumprimento dos procedementos normalizados

O/a profesor/a cumpriu coa realización das probas de avaliación oficiais e coa obriga de publicar e revisar as cualificacións?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obligatorias en caso de resposta negativa):		

O/a profesor/a cumpriu cos prazos do peche de actas?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obligatorias en caso de resposta negativa):		

O/a profesor/a comunicou ao alumnado e ao centro/departamento os cambios sobrevidos nos horarios das actividades docentes e/ou nas titorías?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obligatorias en caso de resposta negativa):		

5. Participación en actividades de planificación e coordinación docente

O/a profesor/a participou nas reunións de planificación e coordinación docente?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obligatorias en caso de resposta negativa):		

6. Implicación en actividades docentes

O/a profesor/a puido participar en programas de difusión/divulgación e/ou en actividades de titorización e apoio ao alumnado [Plan de acción Tutorial (PAT), mobilidade, etc.]?

Si ☐	Non ☐	Non procede ☐
OBSERVACIÓNS (obrigatorias en caso de resposta negativa):		

Valoración xeral sobre o desempeño do/a profesor/a axudante doutor/a e a súa integración nas estruturas da UDC:

ANEXO II. Informe da Comisión de valoración dos méritos curriculares

Apelidos e nome do/a profesor/a avaliado/a:

Departamento:

I. ACTIVIDADE INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E INTERCAMBIO DO COÑECEMENTO	Cumpre	Propostas de mellora
1. Proxectos e contratos de investigación e de transferencia e intercambio do coñecemento		
1.1. Proxectos de investigación		
1.2. Contratos		
2. Resultados e difusión da actividade investigadora e de transferencia e intercambio do coñecemento		
2.1. Actividade investigadora		
2.1.1. Artigos científicos		
2.1.2. Libros ou capítulos de libros		
2.1.3. Participación en reunións científicas		
2.2. Transferencia e intercambio do coñecemento e actividade de carácter profesional		
2.3. Divulgación científica		
3. Estadías en universidades e centros de investigación		
4. Outros méritos		

Valoración xeral da actividade investigadora, de transferencia e de intercambio do coñecemento:

Propostas de mellora:

	Cumpre	Propostas de mellora
II. ACTIVIDADE DOCENTE		
1. Experiencia docente		
1.1. Dedicación docente		
1.2. Pluralidade, interdisciplinariedade e complexidade docente		
1.3. Recursos educativos		
1.4. Actividades de formación ao longo da vida		
2. Calidade da actividade docente e innovación		
2.1. Calidade da actividade docente		
2.2. Proxectos de innovación docente		
2.3. Formación para a mellora docente recibida		
2.4. Formación para a mellora docente impartida		
3. Tutorización docente		
3.1. Tutorización regrada		
3.2. Outros tipos de tutorización (non incluída no encargo docente)		
4. Outros méritos		

Valoración xeral da actividade docente:

Propostas de mellora:

	Cumpre
III. MÉRITOS COMPLEMENTARIOS	
3.1. Dirección de equipos docentes e de investigación	
3.2. Dirección de teses de doutoramento e traballos fin de mestrado	
3.3. Liderado no ámbito da dirección e xestión universitaria e científica	
3.4. Recoñecementos e responsabilidade en organizacións científicas e comités científico-técnicos	
3.5. Outros méritos	

Valoración xeral dos méritos complementarios:

Valoración global